



MIGUEL GARCÍA-FERNÁNDEZ*

Durante os séculos medievais, numerosas mulleres tiveron un destacado protagonismo social, económico, cultural e relixioso na nosa terra: xestionaron propiedades con suma frecuencia, lideraron mosteiros, protestaron ante as autoridades cando consideraban que se vulneraban os seus dereitos, rezaron polas súas almas e polas das xentes da contorna, impulsaron obras escultóricas e arquitectónicas que hoxe constitúen un capítulo fundamental na historia do noso patrimonio artístico, etc. Ao mesmo tempo, algunas desempeñaron un papel político de grande importancia, exercendo directamente o poder público ou actuando como mediadoras entre diferentes persoas e institucións. Entre estas cómpre destacar as mulleres da familia real, que non permaneceron alleas a nós e cuxa pegada histórica tamén se deixou notar sobre o noso territorio. É o que sucede coa infanta dona Dulce —ou Aldonza, como figura en documentos medievais—, que foi tenente de Valdeorras a comezos do segundo terzo do século XIII. Pero, quen foi esta muller, para moitos áinda descoñecida?

Dona Dulce naceu arredor de 1193 e morreu cara a 1248. Foi filla do monarca de León e Galicia, Afonso (IX ou VIII, segundo a quen lle preguntase) e da súa primeira muller dona Teresa, filla, por súa vez, do monarca portugués Sancho I. O nome da infanta homenaxeaba a súa avoa materna, dona Dulce de Aragón, raíña consorte de Portugal. Pouco despois do seu nacemento, o Papa anulou o casamento dos seus pais por razón de parentesco, a pesar de que xa nace-

ran tres fillos: dona Sancha, don Fernando e dona Dulce. Daquela, dona Teresa regresou a Portugal con esta última, que foi criada na casa do monarca portugués, como este reconheceu no seu testamento de 1209. Pola contra, a irmá maior, dona Sancha, ficou co pai, e, de feito, estudos recentes atribúenlle á Casa desta Infanta un papel referencial e destacado na consolidación da lírica trovadoresca galego-portuguesa. Tamén puido quedar aquí o irmán, don Fernando, aínda que sabemos con certeza que pasou algún tempo na corte real portuguesa. Vemos, pois, que durante a Idade Media, os membros da realeza (homes e mulleres) viaxaban moito —tamén de cando en vez pola nosa terra—, caracterizándose as cortes rexias ibéricas pola súa itinerancia.

Pouco despois da separación dos proxenitores, o pai casou con dona Berenguela de Castela, nacendo deste segundo matrimonio outro infante chamado Fernando —non era infrecuente que algúns medios irmáns recibiran o mesmo nome, o que ás veces nos complica as cousas aos historiadores—. Foi este segundo Fernando o que acabou por unificar as Coroas de León e Castela en 1230, tras chegar a un acordo coas súas medias irmás en Benavente. Este acordo, detrás do cal parece que estiveron as negociacións entre as mais de ambas partes, foi necesario porque, tras a morte de Fernando —o irmán de pai e mai de dona Dulce— en 1214 e tras comezar a reinar en Castela o medio irmán homónimo en 1217, todo parece indicar que o Rei de León e Galicia, pai de todos eles, optara por inclinarse a favor de que, tras a súa morte, os seus reinos pasasen a ser gobernados por dona Sancha e dona Dulce de forma conxunta, non polo fillo varón. De feito, ambas irmás, ás que o pai lles entregou en 1217 o control sobre un bo número de vilas e castelos na zona meridional galega —no caso de morrer ou casar calquera delas, a outra recibiría o conxunto e, tras a morte das dúas, todo retornaría ao patrimonio real—, começaron a figurar reiteradamente xunto ao monarca na documentación rexia, sobre todo desde 1219 até 1230, ano no que, finalmente, Afonso faleceu en Sarria. É un signo expresivo do papel que se lles reconheceu ás infantas como pezas clave na representación da monarquía galego-leonesa. En todo caso, pouco máis


de dous meses despois da morte de pai —tempo durante o que podemos considerar que dona Dulce foi coa raíña, xunto á súa irmá, de Galicia e León (polo menos para unha parte das súas xentes)—, ambas infantas renunciaron aos seus dereitos sucesorios a favor de Fernando III a cambio dunha importante compensación económica. Esta sería percibida en forma de rendas vitalicias asignadas sobre un amplio número de castelos e lugares reais, entre os que estaba Valdeorras. Precisamente, as infantas pasarían os seus últimos anos por esta zona e polo Bierzo, onde a mai, que foi tenente de Villafranca durante moitos anos, fundou o mosteiro de Villabuena (Cacabelos).

Pois ben, aínda que dona Dulce non exerceu como raíña o resto dos seus días —mais convén non esquecer que as mulleres podían acceder ao trono—, non por iso deixou de ser unha muller con notable poder e influencia, tendo unha destacada presenza na nosa terra. Tanto nas fontes galegas (de Montederramo, Ramirás, Celanova, etc.) como nas doutras fronteirizas (caso da documentación de mosteiros como Fiães, Castañeda, Carracedo ou Carrizo) aparecen diversas mencións ao papel de dona Dulce como tenente. A maioría das veces apenas son breves referencias nas que se repite o nome da infanta —sobre todo baixo a forma Aldonza— e o seu dominio sobre un territorio concreto. É así como descubrimos que, cando menos entre 1237 e 1245, actuou e foi recoñecida como tenente de Valdeorras. Cómpre destacar que, aínda que as infantas dona Sancha e dona Dulce estiveron por este territorio e, de feito, en 1235 eximiron desde aquí o seu clérigo Martín Domínguez do pagamento dun foro, parece que, para a xestión da tenencia de Valdeorras, esta foi delegada a favor de determinados varóns, que actuaron como representantes seus. Así o mostran varias mencións: “tenente Iorres infinitesse domna Aldonza, maiorinus eius Alfonsus Fernandi” (1243) ou “tenendo Val-

deorras la infanta, sub sua mano Moni Pedrez” (1245). Tamén era frecuente que unha mesma persoa tivera baixo o seu control varias tenencias. E, de feito, ese foi o caso de dona Dulce. Así, documentámosla tamén como tenente do castelo de Santa Cruz entre 1239 e 1245 —actuando por ela o aristó-

monarcas, tiñan e exercían o poder público sobre unha determinada circunscripción territorial, fortaleza ou lugar concreto. Isto implica que recibían, de forma temporal e por vontade rexia, unha serie de atribucións relacionadas co exercicio de funcións militares, fiscais, gobernativas e xudiciais, que correspondían ao rei. Grazas a elas, os tenentes —e os seus representantes ou delegados— non só pasaban a ocupar un lugar social privilexiado, de notable influencia, nos territorios que tiñan baixo o seu control, senón que tamén percibían unha serie de tributos que lles permitían sustentar a súa posición e fortalecer os seus patrimonios. Neste sentido, está claro que, para as mulleres, homes e institucións da contorna de Valdeorras, a figura da infanta dona Dulce constituía un referente fundamental nas estruturas e dinámicas de poder que vinculaban a zona coa monarquía castelán-leonesa na década dos 30 e 40 do século XIII.

En definitiva, unha mirada cara á historia da nosa terra permite-nos descubrir que nela tiveron un papel fundamental as mulleres, e non só as mulleres que no día a día atendían as súas familias, casas e patrimonios, senón tamén aquelas mulleres da realeza que tiveron a oportunidade de exercer o poder público, que incluso puideron chegar a ocupar o trono e que, en diversas ocasións, puideron pasar por este territorio. Entre elas, destaca pola súa proximidade cara a nós a infanta dona Dulce, tenente de Valdeorras e, consecuentemente, unha muller con notable poder e influencia nas terras do Sil. Non foi a única, así que cómpre seguirmos investigando sobre as mulleres da nosa historia para coñecer os seus nomes, vidas e actuacións.



Documento de Montederramo Archivo Histórico Nacional, Clero Secular-Regular, carp. 1483, n.º 14.

crata Mendo Vázquez—, como tenente de Palacios (de Sil) en 1237 xunto á súa irmá dona Sancha e, en 1238, como tenente de Llamas de la Ribera.

Mais, que implicaba ser tenente? Ante todo, os tenentes —maiioritariamente homes, pero, como vemos aquí, aos poucos imos descubrindo o acceso dalgúns mulleres da realeza e da nobreza ao desempeño desta función— eran os que, por designación e en representación dos